



Concello de Burela

DECRETO ALCALDÍA Nº 514/2010

Visto o expediente tramitado ao efecto para a contratación, por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, do servizo de limpeza de edificios e instalacións municipais do Concello de Burela.

Publicándose anuncio da convocatoria de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 154, de 8 de xullo de 2010, e no Perfil do Contratante na mesma data, establecéndose como data límite para a presentación das correspondentes proposicións o 23 de xullo de 2010.

Detectado un erro na cláusula cuarta dos Pregos de cláusulas administrativas e particulares, de tal xeito que onde di " *...nun valor estimado de 148.680 euros e no Imposto sobre o Valor Engadido de 28.320 euros...*" deberá dicir "*...nun valor estimado de 152.586,21 euros e no Imposto sobre o Valor Engadido de 24.413,79 euros...*"; na cláusula oitava, apartado f) de tal xeito que onde di " *Resguardo acreditativo de ter constituído a garantía provisional por importe de 4.460,40 euros...*" deberá dicir "*Resguardo acreditativo de ter constituído a garantía provisional por importe de 4.577,59 euros...*"; na cláusula novena, onde di "*Os licitadores deberán constituír unha garantía provisional por importe de 4.460,40 euros...*" deberá dicir "*Os licitadores deberán constituír unha garantía provisional por importe de 4.577,59 euros...*"

Visto o disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común que establece que as Administracións públicas poderán, asemade, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Considerando as facultades conferidas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, aprobado por real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e demais disposicións legais aplicables.

Pola presente, **RESOLVO**

PRIMEIRO: Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, a cláusula cuarta dos pregos de cláusulas administrativas e particulares, de tal xeito que onde di " *...nun valor estimado de 148.680 euros e no Imposto sobre o Valor Engadido de 28.320 euros...*" deberá dicir "*...nun valor estimado de 152.586,21 euros e no Imposto sobre o Valor Engadido de 24.413,79 euros...*"; a cláusula oitava, apartado f) de tal xeito que onde di " *Resguardo acreditativo de ter constituído a garantía provisional por importe de 4.460,40 euros...*" deberá dicir "*Resguardo acreditativo de ter constituído a garantía provisional por importe de 4.577,59 euros...*"; a cláusula novena, onde di "*Os licitadores deberán constituír unha garantía provisional por importe de 4.460,40 euros...*" deberá dicir "*Os licitadores deberán constituír unha garantía provisional por importe de 4.577,59 euros...*"

SEGUNDO: Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Perfil do Contratante anuncio da presente corrección de erros, abríndose novo prazo para a presentación de proposicións de oito días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP.

Burela, 9 de xullo de 2010



O Alcalde

Asdo: Alfredo Llano García



Ante min
A Secretaria

Asdo: Alejandra Paro Vázquez